



## **Reglamento Gladiator Junior "Eurocidade Cerveira-Tomiño"**

A Gladiator Junior "Eurocidade Cerveira-Tomiño" está pensada para que os máis pequenos da casa poidan gozar dun día en familia facendo deporte.

O evento será destinado para nenos de:

- 3 a 6 anos (KIDS): 500 metros e 12 obstáculos
- 7 a 11 anos (MINI KIDS): 1000 metros e 16 obstáculos
- 12 a 20 anos (JUNIOR): 2 km e 25 obstáculos, en grupos mixtos de 5 a 7 compoñentes e onde teñen que chegar mínimo 5 a meta todos xuntos.

### **Artigo 1.- Organizador.**

A Gladiator Junior "Eurocidade Cerveira-Tomiño" é unha carreira de obstáculos para diferentes idades organizada pola empresa NOKAO e patrocinada polos Concellos de Cerveira e Tomiño.

O evento empezará o sábado 5 de xullo no ESPAZO FORTALEZA de Goian (Concello Tomiño) no seguinte horario (hora española):

- MINI KIDS: 10:30 horas
- KIDS: 11:30 horas
- JUNIOR: 12:00 horas

### **Artigo 2. Participación e idade mínima.**

Na proba poderá participar calquera neno/a que o día da celebración da proba teña cumprida a idade entre 3 e 20 anos e que aceptase devandito regulamento no momento de formalizar a inscrición. O límite de prazas será de 400 nenos. Cada menor de 3 a 11 anos irá acompañado dun adulto e ambos deberán superar os obstáculos.



#### **Artigo 4. Percorrido e grupos de idade.**

Haberá tres franxas de idade que realizará cada unha delas un percorrido diferente:

- FRANXA 3 a 6 anos (KIDS): 500 metros e 12 obstáculos
- FRANXA 7 a 11 anos (MINI KIDS): 1.000 metros e 16 obstáculos
- FRANXA 12 a 20 anos (JUNIOR): 2 km e 25 obstáculos, en grupos mixtos de 5 a 7 compoñentes e onde teñen que chegar mínimo 5 a meta todos xuntos.

#### **Artigo 5. Cronometraxe e premios.**

Ao ser unha proba de carácter lúdico e non competitiva nas franxas de 3 a 11 anos, non se realizará ningún tipo de cronometraxe por chip ou similar e entregárase un obsequio a cada participante ao finalizar a proba. A competición por equipos de 12 a 20 anos será competitiva e os 3 mellores equipos levarán diferentes obsequios.

#### **Artigo 6. Inscripción.**

A inscrición poderase realizar a través da web [www.gladiatorraceoficial.com](http://www.gladiatorraceoficial.com)

#### **Artigo 7. Adultos.**

A Gladiator Junior "Eurocidade Cerveira-Tomiño" é unha carreira exclusiva para menores pero estes poderán ir acompañados dun adulto ao longo do percorrido (só franxa de 3 a 11 anos). Os adultos poderán superar os obstáculos e axudarse entre si a superar os obstáculos.

#### **Artigo 8. Seguros.**

A organización dispoñerá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro individual. Deste xeito, todos os menores, estarán cubertos pola póliza de seguro de accidentes contratada pola Organización.

#### **Artigo 9. Seguridade e percorrido.**



O percorrido estará marcado e sinalizado. En caso de lesión comunícao ao responsable da proba máis próximo para que solicite asistencia a través da emisora.

#### **Artigo 10. Suspensión da proba.**

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou de chegada, atrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas aos promotores, comunicándoo na web e redes sociais oficiais do evento.

#### **Artigo 11. Uso dos datos dos participantes.**

1.A inscrición implica a autorización para o libre uso do Nome, apelidos e foto dos participantes nos medios de comunicación en informacións relacionadas coa proba.

2.De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a participación na proba implica o consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os organizadores. A finalidade deste ficheiro é o tratamento para a xestión e desenvolvemento da mencionada proba.

3.Os participantes consenten tacitamente que as imaxes que se obteñan na carreira poderán ser utilizadas pola organización e polas empresas colaboradoras para fins de difusión e publicidade do evento e/o produtos asociados ao mesmo.

#### **Artigo 12. Responsabilidade dos participantes.**

Cada adulto que se responsabiliza da inscrición do menor á proba garante que o participante non ten ningunha enfermidade ou circunstancia excepcional coñecida que lle poida implicar unha lesión ou problema de saúde derivado da realización da mesma.

#### **Artigo 13. Aceptación do Regulamento.**

Mediante a miña inscrición na Gladiator Junior "Eurocidade Cerveira-Tomiño" comprométome a cumprir a normativa que regula a proba así como as indicacións dos directores de carreira.